

Memoria gráfica do EDLG do

**IES Lamas de Castelo**

Curso 2023-24



**Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega**

# Elas fano en galego



## Coñécelas? Que fan?

EDLG do IES Lamas de Castelo



# Elas fano en galego



## A que se dedican?

EDLG do IES Lamas de Castelo



# Elas fano en galego



**Paula Carballeira**  
(Maniños, Fene 1972)



Paula Carballeira é unha todoterreno. Escribe poesía, narrativa e teatro tanto para adultos coma para a rapazada. É unha das más recoñecidas e queridas **narradoras orais (contacontos)** que temos en Galicia e que triunfa contando tanto aquí coma fóra, pois participou en festivais estatais e internacionais (Portugal, Polonia, Francia, Cabo Verde, Colombia, Ecuador, México...). Pero non só conta senón que é **actriz**. Forma parte da **compañía de teatro Berrobambán**, onde actúa pero tamén dirixe. Como actriz tamén é unha cara coñecida polos seus papeis en **series da TVG**. En definitiva, unha creadora e contadora de historias que por onde pasa deixa pegada.


Conta con moitos premios polo seu traballo, pero o seu éxito máis recente e máis aclamado é o **Premio Nacional de Teatro 2023**. Este premio é concedido polo Ministerio de Cultura de España, cunha dotación de 30.000 € e co recoñecemento público de ser o mellor texto teatral do ano 2023, onde reivindica a escola da II República e a figura da mestra María Barbeito. Outro éxito máis para as letras galegas!

Temos algúns dos seus libros na nosa biblioteca escolar e xa lemos *As alumnas* no Club de lectura o curso pasado. Animádevos a ler as súas obras!!!

Elaborado a partir de <https://www.aeig.gal/centro-documentacion/autores-as/paula-carballeira> e <https://www.culturaydeporte.gob.es/actualidad/2023/09/23/30901-paula-carballeira-premio-nacional.html>



# Elas fano en galego



**Alba Prol Cid**  
(Lugo, 1987)

Alba Prol é directora, fotógrafa e guionista de cine galega. Traballou en proxectos diversos e no 2017, xunto con Raúl García, creou a produtora Meteórica Cine. Xuntos fixeron varios proxectos, xeralmente de cine documental, feitos desde aquí mais coa arela de teren proxección internacional.

Algunos dos traballos son **O gran camiño**, un documental de carácter social, pero tamén de viaxes e aventuras, que xa leva 22 premios de distintos festivais de cinema. Unha serie de 4 capítulos que xa pode verse en plataformas de 38 países.

Outro é **A mestra de escola**, película na que homenaxeas ás mestras rurais e que, grazas ao convenio de AGAPI e a Xunta nos vén presentar ao instituto.

Elaborado a partir de <https://neofalantes.gal/a-mestra-de-escola-o-documental-que-pon-o-foco-na-educacion-no-rural/>, <https://www.academiagalegoadudiovisual.gal/entrevista-alba-prol/> e <https://www.agapi.gal/o-primeiro-paso-de-moritos/>

Filmando historias



# Elas fano en galego



**Yolanda Castaño**  
(Santiago de Compostela, 1977)

Yolanda Castaño é poeta, pero tamén se dedica á pintura, ao xornalismo de opinión, á crítica literaria e mesmo á narración para público infantil e xuvenil.

Ten unha sólida traxectoria poética con once poemarios individuais e a participación nuns corenta poemarios colectivos. Como crítica literaria ten publicado textos en case todos os xornais e a maioría das revistas literarias que se publican en Galicia e tamén fóra, onde é unha boa embaixadora da poesía galega. Foi premiada en múltiples ocasións en diversos concursos e certames literarios.

Entre os seus poemarios destacamos *Elevar as pálpebras* (1995), *Vivimos no ciclo das Erofanías* (1998), *Edénica* (2000), *O libro da Egoísta* (2003), *O puño e a letra. Antoloxía en cómic poético* (2018) e o máis recente, **Materia** (2022), polo que recibiu o **Premio da Crítica en Galicia** e acaba de recibir o **Premio Nacional de Poesía 2023**. Este premio é concedido polo Ministerio de Cultura de España, cunha dotación de 30.000 € e co recoñecemento público de ser o mellor poemario do ano 2022. Un gran éxito para a poesía e as letras galegas.

Elaborado a partir de <https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/yolanda-castaño>, <https://yolandacastaño.com/> e [https://gl.wikipedia.org/wiki/Yolanda\\_Casta%C3%B1o](https://gl.wikipedia.org/wiki/Yolanda_Casta%C3%B1o).



# Elas fano en galego



**María Prado Rúa**  
(Ourense, 2000)



A ourensá **María Prado Rúa**, coñecida nas redes como **Prado Rúa (@prado\_rua)** é unha creadora de contidos que foi gañando espazo nas redes.

Comezou no Youtube creando contidos moi variados: cuidados do cabelo, maquillaxe, recomendacións de libros, sobre a situación da lingua, sobre a educación infantil, a música, os deportes... ou calquera outro tema do seu interese. Aos poucos foi xuntando comunidade, conectando persoas desde a súa canle de **Youtube** e de aí entrou tamén no Twitter (agora **X**), no **Instagram** e no **Tik Tok**. É unha das máis coñecidas "Youtuberas" e como tal xa recolleu varios premios neste concurso, ademais de estar moi presente na comunidade do Galitwitter axudando a quen quixer animarse a falar galego e /ou a criar contidos en galego.

A súa última creación é a web serie **Conexión co Reino** onde Prado Rúa conecta a Idade Media coa actualidade.

Elaborado a partir de [https://www.larxegalega.es/noticias/ourense/2021/04/21/variante-contido-dia-youtubeira0003\\_20210421C3094.htm](https://www.larxegalega.es/noticias/ourense/2021/04/21/variante-contido-dia-youtubeira0003_20210421C3094.htm), <https://www.atlantico.pt/arte/obtenha-esta-pradoura-tik-tok-galego/20210723155704851495.html> e <https://codigocero.com/chequea-una-serie-web-galega-que-te-redescubrirá-melhor-de-mancha-prado-rúa/>

**Youtubeira, #tiktoker, #influencer**



# Coloquio con Alba Prol sobre o documental “A mestra da escola”



## Coloquio con Simone Saibene sobre o documental “Os camiños do neno labrego”





# Día das Escritoras 2023

16 outubro 2023

Día das Escritoras

Organizan: equipo Biblioteca Escolar / Dptos LC-LG-FR



## Lectura de textos - LG

A [Biblioteca Nacional de España](#) celebra a oitava edición do Día das Escritoras, unha iniciativa que a BNE organiza en colaboración coa [Federación Española de Mulleres Directivas, Ejecutivas, Profesionais e Empresarias](#) (FEDPE) e coa [Asociación Clásicas e Modernas](#); coa colaboración de [Asociación Colexial de Escritores](#) (ACE) e o [Centro Español de Dereitos Reprográficos](#) (CEDRO), para reivindicar o labor e o legado das escritoras ao longo da historia. E este 16 de outubro imos rir e falar do pracer. Porque o riso e a ledicia son transgresoras en sociedades que ainda exixen das mulleres un certo recollemento e modestia.

Porque para esta 8ª edición, o tema elixido é **O pracer, a ledicia e o riso das mulleres**, en torno aos que xira a selección de textos e as autoras.

Desde a Biblioteca Escolar sumámonos á celebración como cada ano, participando dende as nosas materias e xunto as Bibliotecas Escolares de Galicia. Coa lectura destes textos, homenaxeamos este 16 de outubro a estas autoras:

### Marica Campo

**Maria Pilar Campo Domínguez**, más coñecida como **Marica Campo**, naceu no Incio o 24 de febreiro de 1948 e é unha escritora galega especializada en literatura infantil e xuvenil. Recibiu o Premio da Cultura Galega de Letras en 2022, co que destacan o seu compromiso para achegar a lingua galega ás xeracións máis novas, o seu labor pola defensa da cultura galega e o seu activo traballo para fomentar valores como o feminismo, o ecoloxismo ou a solidariedade".



### TEXTO 1:

#### Biografía de María Balteira, no Álbum das mulleres (2007)

Maria Balteira foi a máis sonada das **soldadeiras** da nosa época medieval. As soldadeiras eran mulleres adscritas á Corte que tiñan como oficio cantar e bailar e recibían por iso unha soldada, de aí o nome. Nas ilustracións do *Cancioneiro de Ajuda* aparecen danzando, tocando as castañetas ou o pandeiro na compañía do xogar que tanxe unha guitarra ou unha viola.

Temos noticia da Balteira polas cantigas de escarnio que lle dedican dez trovadores, verdadeiro arquétipo do que na actualidade se deu en chamar anti-retrato ou retrato descortés. Pedro Amigo de Sevilla e Pedro de Ambros, betanceiros ambos os dous; Pero da Ponte e o propio Afonso X o Sabio son algúns dos autores que fixeron dela albo das súas burlas. Por eles coñecemos unha muller paradigmática de todos os vicios e transgresións que a época condenaba, malia ser parte deles, nun exercicio de dobre moral. Boca xuradora; practicante do tiro con ballesta en competición cos homes; xogadora de dados; trampulleira no xogo; libre no xeito de xacer con cregos, escolares, xograres, etc.; transmisora de doenças venéreas e supersticiosas.

Como no caso das demais soldadeiras, non se fai ningunha referencia á súa arte. Eran tempos en que, teoricamente, a muller só podía elixir entre practicar o amor santo no clausorio ou no matrimonio, lonxe do pracer, ou ser soldadeira para gozar malia entrar nunha certa marxinalidade. [...] Fica a dúbida sobre que datos das cantigas responden á súa auténtica biografía porque estas son un tópico literario en que conflúe a sátira dos autores co ánimo de facer rir... En todo caso, a visión que se nos ofrece responde ao imaginario masculino da época, cheo de prexulzos machistas..., a cimbrar entre a veneración ás santas e o vituperio ás soldadeiras, entre as Cantigas de Santa María ou as Cantigas de Amor e as obscenidades das de Escarnio. Mais a lenda desta muller traspasa os séculos e segue inspirando a autores e autoras dos nosos días que a ven como unha avanzada do *carpe diem*, leda e gozadora, e tamén como un ar de liberdade nas rixidas normas coas que o sistema patriarcal marcou sempre o territorio feminino.

16 outubro 2023

Día das Escritoras

Organizan: equipo Biblioteca Escolar / Dptos LC-LG-FR



**Texto 2:** [Cantiga de João Vasques de Talaveira](#) (séc. XIII)

*O que veer quiser, ai cavaleiro,  
Maria Pérez, leve algum dinheiro,  
senom nom poderá i adubar prol.*



Quen queira ver, ai cabaleiro,  
a María Pérez, leve algún dinheiro  
se non, non conseguirá nada.

*Quen'a veer quiser ao serão,  
Maria Pérez, lev'alg'em sa mão,  
senom nom podrá i adubar prol.*

Quen a queira ver no serán  
a María Pérez, que leve algo na man  
se non, non conseguirá nada.

*Tod'home que a ir queira veer suso,  
Maria Pérez, lev'algo de juso,  
senom nom podrá i adubar prol.*

Todo home que a queira ir ver arriba  
a María Pérez, que leve algo debaixo  
se non, non conseguirá nada.

### Texto 3:

**Sés (María Xosé Silvar):** ["Canto aquí, canto na Habana"](#)

Canto aquí, canto na Habana  
Canto aquí, canto na Habá  
E como canto tan ben  
Canto onde me peta.

Agora comezo eu  
Comezo por comezar  
A que primeiro comeza  
Primeiro ha de acabar.

Canto aquí, canto na Habana,  
Canto onde me peta.

Hei de cantar aquí embaixo  
E hanme sentir arriba  
Para que diga miña nai  
Esa é a miña filla


Eu se canto fago ben  
Eu se canto fago ben  
Canto pola miña gorxa  
E non pola de ninguén

(Fragmento de Castelao)


Vou a dar a despedida  
vou a dar o parabén  
vou a dar a despedida  
que ma dan a min tamén.

Somos do sul e do norte  
Somos de aquí e de acolá  
Que o sinta a xente da Habana  
De Vigo e de Bogotá.

Somos más perto que lonxe  
Somos pobo, somos chan  
Semente de liberdade  
Para vivir como irmáns.



# 25 N: Lecturas contra a violencia machista



# 25 N: lecturas no vestíbulo para chegar a todos e todas



# Lecturas para o Nadal

## Dinamiza a lingua

**Que pasa co galego?** de Fernando Ramallo

Un libro que analiza a situación do galego respondendo a trinta e dúas preguntas fundamentais sobre a situación social da lingua. Para sabermos máis e poder actuar, alzar a voz e poñer un gran de area.



## Aquí tamén se fala!

E como todos nós podemos axudar, imos participar nunha campaña de dinamización conxunta con moitos institutos. A idea naceu no IES Rafael Dieste da Coruña o curso pasado e agora estendeuse xa a máis de 130 centros de toda Galicia.



A idea é moi sinxela: o alumnado vai ser o axente dinamizador, visitando todos os locais comerciais do concello e pedir para colocaren os carteis da campaña, reivindicando o uso do galego e manifestando o orgullo de facelo.

## O pobo ensina

**Lendas da Costa da Morte** de Xan Fernández Carrera

Un libro para coñecer máis as crenzas e tradicións da Costa da Morte, para levar de viaxe e ir descubrindo os lugares e a xente.



**O ghaiteiro petroleiro de Unha gran burla negra.**


Unha baralla especial para aprender máis sobre o Prestige. As cartas foron deseñadas por artistas de distintas órbitas que achegaron a súa visión satírica e plástica á interpretación da catástrofe do Prestige. Xogade e aprendede!



## Aí vén o Nadal!

O Equipo da Biblioteca e o Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística do IES Lamas de Castelo anímanvos a ler nestes días libres.

**Boas vacacións!!!**




# Lecturas para o Nadal

## Para os más pequenos

### Paxaros de Arancha Ortega

Un libro-disco cun poema musical onde nenas e nenos converten prazas e arboredas en espazos de xogo. Podedes acompañar a súa lectura con música, utilizando os enlaces QR para acceder a elas.



### Lendas do Recreo. A media hora dos heroes de El Hematocrito.


O mes pasado deixounos, de xeito totalmente inesperado, o escritor Miguel López, máis coñecido como **El Hematocrito** e por iso queremos recomendarvos ler esta historia súa, que fala dos heroes que ás veces aparecen nos recreos. Coma todo o que el escribiu, goza de moita imaxinación e rebeldía, pois era un mestre á hora de romper os moldes.




## Novelas que enganchan

### Miss Antropía de Fernando Castro Paredes

Noe está anoxada co mundo. Non encaixa. Todo se esborrou tras a morte do pai e séntese atrapada e sen horizontes. Odia a súa nai. Odia canto a rodea. A súa furia interior acaba envorcándose na creación dun perfil falso nas redes sociais: "Miss Antropía".




### Boulder de Eva Baltasar



Á protagonista desta novela a súa moza chámalle Boulder, coma eseos cons illados no medio dos océanos. Mais que ocorrerá con esa muller que foxe de todo e de todos na procura da súa liberdade plena cando sinta que o amor está a piques de mudala para sempre?

### Tres catorce dezaseis de Rocío Leira


Mensaxes cifradas, pistas inquietantes e códigos aparentemente irresolubles danse cita nesta aventura chea de intriga na que entrarás de cheo nunha parte da historia das matemáticas.



## De todo un pouco

### O libro das marabillas de Marco Polo


Chega traducido ao galego esta xoia da literatura de viaxes e aventuras, un libro no que o real e o marabilloso se funden. Un libro que leva atrapando os lectores dende o século XIII. Un clásico universal.



### O gran libro das nosas cousas de Blanca Millán

Algunha vez te paraches a observar o mundo que te rodea?

Este libro é unha viaxe ilustrada polas cousas do día a día, dende os pequenos insectos do xardín ata os xigantescos cachalotes do noso fondo mariño.



Un libro para estimular a curiosidade da cativada.

Curso 2023-24

Equipo de Dinamización de Lingua Galega e Música




## Concerto didáctico

O martes 23 de xaneiro...

# *Abraham Cupeiro*

Casa da Cultura de Cee  
Colaboración co IES Fernando Blanco



# Concerto didáctico de Abraham Cupeiro





ABRAHAM CUPEIRO tamén se sumou á nosa proposta de  
**#Aquítaménsefalagalego**



# Aquí tamén se fala galego!



IES Lamas de Castelo (Carnota)

## Campaña de dinamización da lingua galega: AQUÍ TAMÉN SE FALA!

Esta campaña naceu no curso pasado nun instituto da Coruña, no IES Rafael Dieste, coa finalidade de demostrar que alí tamén se fala galego e que non todas as persoas son hostís e alleas ao uso da mesma. Neste curso a campaña foi a máis e estendeuse, polo de agora, a 150 institutos de toda Galicia.

Nós tamén nos sumamos á mesma. Con moito orgullo e con moita razón, pois en Carnota si que se fala e moi! AQUÍ TAMÉN SE FALA!

### Como participamos?

A idea é que o alumnado sexa o dinamizador, un activista a favor da lingua, e que encha Carnota de carteis desta campaña. Queremos chegar con ela a todos os comercios do concello, aos bares e restaurantes, ás carnicerías e droguerías, ás perruquerías e farmacias, aos talleres e carpinterías, aos bazares e as panaderías... a todos os recunchos do concello.

O alumnado pide permiso para colocar o cartel nun lugar visible dese local e fai unha foto para deixalo documentado. Mesmo poden pedirlle aos propietarios que posen co cartel na man.

Despois, iremos subindo as fotos ás redes sociais da campaña **#aquitaménsefala**, para darlle publicidade á mesma.



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

# Lotes de carteis preparados para ser pegados polos establecementos de Carnota



# Publicidade da campaña no Taboleiro de Normalización lingüística e no centro



# O alumnado a punto de saír encher de carteis os seus lugares



# Os carteis nos establecimentos: en bares...



# ... nas farmacias, na lonxa...



... na costureira, na carpintería... na maior parte dos establecementos.



# Recital poético no Día de Rosalía: recitou o alumnado e tamén o profesorado



# Participamos no recital organizado polo Concello de Carnota



# Día das Letras Galegas 2024

## Luísa Villalta



Día das Letras  
Galegas 2024

Luísa Villalta



Luísa Villalta  
(A Coruña, 1957-2004)

A pesar da súa curta vida, Luísa Villalta foi unha **autora prolífica**. Filósofa, filóloga, profesora e música deixou moita obra publicada en libros independentes, ademais de moitos textos espallados pola prensa.

Co motivo do Día das Letras Galegas estanse publicando algunas das súas obras inéditas e reeditando outras, á parte da cantidade de estudos sobre a súa vida e obra, visitadas tanto desde o punto de vista literario coma do musical.

Pasou a infancia e adolescencia na Coruña e logo estudou en Santiago de Compostela Filoxaría Hispánica e especializouse na sección de Galego-Portugués. Compaxinou esa época coa formación no Conservatorio Superior en **violín** (violinino, como ela dicía) e formou parte da Orquestra de Santiago e da Xove Orquestra de Galicia. Máis tarde, aprobaría as oposicións do ensino e traballou como **profesora** de Lingua Galega e Literatura en Secundaria ata a data da súa repentina morte.

Algunhas das súas obras literarias son:

**Teatro:** *Concerto para un home só*, *O representante*, *O paseo das esfinxes* e *As certezas de Ofelia*.

**Poesía:** *Música reservada*, *Ruído*, *Rota ao interior do ollo* e *En concreto*.


**Narración:** *Siléncio*, *ensaiamos*, *Teoría de xogos* e *As chaves do tempo*.

**Ensaio:** *O don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral*, *Libro das columnas*, *O outro lado da música, a poesía*.


Luísa Villalta tamén realizou **traducións e colaboracións en revistas** como Grial, A Trabe de Ouro, A Festa da Palabra Silenciada ou Tempos Novos ou en xornais como A Nosa Terra onde expresaba o seu fondo **compromiso coa lingua**, co feminismo, a defensa do pobo palestino, en contra da guerra de Iraq, a favor do ecoloxismo... Unha muller loitadora e comprometida co seu tempo.

**Poesía e música a dárense a man**

# Exposición dos acrósticos para a poeta



# Acrósticos para Luísa Villalta




Lindo son da melodia  
Lian a música coa poesía,  
Ián seando pola vila  
en saber que ela,  
SAli estudara filosofía .  
Vivindo en Santiago estaba  
IA estudar filoloxía Hispánica.  
Lor era o que lle gustaba  
LEVANDO tamén o seu violino que  
Aprender a tocalo amaba .  
LENDODO partituras ela tocaba  
TENDO encanta a súa elegancia  
ANTES de que con ela unha enfermidade ocovara.

# Algúns dos poemas creados.

Lindo son da melodia  
Lorian a música coa poesía,  
Ián soando pola vila  
en saber que ela;  
Aí estudava filosofía.  
Vivendo en Santiago estaba  
Ia estudar filoloxía Hispánica.  
Ler era o que lle gustaba  
Levando tamén o seu violino que  
Aprender a tocalo amaba.  
Lendo partituras ela tocaba  
Tendo en conta a súa elegancia  
Antes de que con ela unha enfermidade acabara.

VIOOLINO  
Lamentos que nubran o salgado mar  
Un que chora, pois música non de soar  
Incansables melodías de silencio no lar  
Sons, paxariños, saíde a cantar!  
A Coruña, miña ruliña, sei barullo has de quedar.  
Violino, toca, prégoche, melodías sen cesar  
Incansables melodías de amorios no lar.  
Lamentos, fuxide, pois xa deixáchedes de soar  
Lamentos, saíde, pois tristura non vai quedar!  
Antes de que caia a noite, violino  
Levate os tristes sons do calcar.  
Todo o silencio escuro e sei son  
Antes de que chege a noite, violino haberaleas de levar.

# Nas Xornadas culturais: charla sobre sociolingüística



# Orgullo Galego con Borxa González



# Saída cultural a Gres



INSTITUTO DE  
EDUCACIÓN SECUNDARIA  
LAMAS DE CASTELO

Lamas de Castelo, s/n, 15293 CARNOTA  
Tel.: 88186 7200  
Fax: 88186 7202  
<http://edu.xunta.gal/centros/lamasdecastelo>



Actividade organizada polo Departamento de Lingua Galega e Literatura, o EDLG e Actividades Complementarias e Extraescolares



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

## Saída escolar a Gres



Gres é unha pequena aldea do concello de Vila de Cruces, na provincia de Pontevedra, pegada ao río Ulla e unida á parroquia veciña de Ledesma (Boqueixón, A Coruña) pola Ponte Ledesma.

### Por que unha visita a Gres?

-Para coñecer o territorio no que se basean moitas das obras literarias de Xosé Neira Vilas.

-Para visitar a Fundación Xosé Neira Vilas e saber máis del, da súa obra e tamén de Anisia Miranda.

-Para coñecer a aldea natal do escritor e tamén de Mariluz.



Queredes saber máis? Pois, alá imos!!!!



INSTITUTO DE  
EDUCACIÓN SECUNDARIA  
LAMAS DE CASTELO

Lamas de Casteiro, s/n, 15293 CARNOTA  
Tel.: 88186 7200  
Fax: 88186 7202  
<http://edu.xunta.gal/centros/lamasdecastelo>



### Roteiro a pé por Gres


#### Secuencia de números

- 1 Paso 1: A Casa do Romano
- 2 Paso 2: A escola
- 3 Paso 3: O serradoiro
- 4 Paso 4: A casa nova
- 5 Paso 5: O resío
- 6 Paso 6: A ponte románica
- 7 Paso 7: A casa de Castelo
- 8 Paso 8: As Insuas de Gres
- 9 Paso 9: A Capela do Carme e...
- 10 Paso 10: A igrexa e o cemiter...
- 11 Paso 11: Fundación Xosé Ne...

### Outros lugares de interese

#### Estilos individuais

- Pena Anduriña
- Castromouzo
- As Xuntas



## Roteiro a pé:

Segundo os pasos de Xosé Neira Vilas en Gres

por Mariluz Barreiro Otero



# En Gres, na Fundación Xosé Neira Vilas



# Campaña “Falemos + Galego”

QPC

REDACCIÓN

07:15  
11/03/24

**Os Institutos da Costa da Morte organizan unha campaña conxunta a prol do galego “Falemos + galego”**

ENSINO IES LINGUA GALEGO



Imaxe da pancarta que o CPI Cabo da Área de Laxe levou ao Correlingua 2023

f t in m

Fermosa iniciativa que viñen de poñer en marcha varios centros educativos da Costa da Morte. Os centros IES Lamas de Castelo (Carnota), CPI Plurilingüe A Picota (Mazaricos), IES Fernando Blanco (Cee), IES Agra de Raíces (Cee), IES Fin do Camiño (Fisterra), CPR Nosa Sra. do Carme (Fisterra), IES Ramón Caamaño (Muxía), IES Terra de Soneira (Vimianzo), IES Pedra da Aguiña (A Ponte do Porto – Camariñas), IES Maximino Romero Lema (Baio-Zas), CPI de Zas, CPI Plurilingüe Cabo da Área (Laxe) e IES Eduardo Pondal (Ponteceso) promoven unha campaña conxunta a prol do uso da lingua galega **“Falemos +galego”**.



## Falemos + Galego

GALA o xoves 20 de xuño 2024 ás 10:00 horas en Cee

Centros organizadores:

IES Lamas de Castelo (Carnota)

IES Fin do Camiño (Fisterra)

IES Maximino Romero Lema (Baio-Zas)

CPI Plurilingüe A Picota (Mazaricos)

CPR Nosa Sra. do Carme (Fisterra)

CPI de Zas

IES Fernando Blanco (Cee)

IES Ramón Caamaño (Muxía)

CPI Plurilingüe Cabo da Área (Laxe)

IES Agra de Raíces (Cee)

IES Tema de Soneira (Vimianzo)

IES Eduardo Pondal (Ponteceso)

IES Pedra da Aguiña (A Ponte do Porto)

XUNTA  
DE GALICIA

Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

CFR  
A CORUÑA

Concello de Cee  
Deputación  
DA CORUÑA

Pódese ler un artigo sobre esta campaña na revista.



## Campaña Falemos + Galego



Ao longo deste curso escolar participamos na **Campaña Falemos + Galego**, organizada por trece institutos de secundaria e con base no IES Agra de Raíces de Cee. A proposta baséase no orgullo de pertencer á Costa da Morte, unha área que destaca no uso do galego, e remover conciencias e xerar estímulos para incrementar o seus usos. Trátase de incrementar o número de persoas galegofalantes, partindo da poboación xuvenil que cursa estudos de educación secundaria, bacharelato e formación profesional e buscando, tamén, o impacto no conxunto da sociedade da Costa da Morte.

A campaña tivo dúas fases:

- Un concurso en cada centro que buscó o lema e o logotipo máis acaído para unha campaña de fomento do uso do galego, que partía da idea do orgullo de sermos da Costa da Morte, un territorio galegofalante. Ademais, a idea do lema viría acompañada dun vídeo breve (menos de 60 segundos) para mover polas redes sociais.
- Unha gala de todos os centros participantes, na que se darán a coñecer as propostas, escollidas por un xurado alxeo, de entre as gañadoras en cada centro. Esta gala será ao aire libre no concello de Cee o día 20 de xuño.

Aquí podes ver máis detalles do seguimento desta actividade nas notas de prensa:

### [Presentación da campaña](#)

[Presentación da gala](#), co marabilloso cartel realizado pola artista **Viki Rivadulla**.

Actualizamos a entrada co resultado final, [os premios entregados na gala celebrada o 20 de xuño en Cee](#).

Tamén se pode ler aquí [como transcorreu a gala](#).

Abaixo, podes ver os traballos que se presentaron ao concurso no noso instituto.

 [Traballos presentados](#)

# Revista *O Gherreiro* 2024 na aula virtual do centro

≡ IES Lamas de Castelo Mariluz Barreiro


## Revista "O Gherreiro 2023-24"

Taboleiro / Os meus cursos / Gherreiro Activar a edición



O Gherreiro do Monte Pindo

# Revista O Gherreiro: algúns artigos



# Entrega de agasallos ao alumnado do EDLG



Ao final de curso, uns pequenos detalles para o alumnado do equipo, para animar a continuar co traballo nos vindeiros cursos.

# Entrega de agasallos ao alumnado do EDLG



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega